

Sobre problemas no tratamento descriptivo da palabra composta

JUAN L. BLANCO VALDÉS

Noutro lugar (1), fixemos unha primeira cala -no noso caso no galego medieval-, sobre un campo da morfoloxía relativamente abandonado -en razón da súa escasa productividade- nos estudos románicos: a composición (/vs/ a derivación) de palabras.

A aplicación desta liña de traballo á lingua moderna por parte de Julia Marqués nunha recente e sólida memoria de licenciatura (2) e a abundancia do material aí recollido, suxeríunos a posibilidade de reflexionar novamente sobre a estrutura morfolóxica deste proceso e, especialmente, sobre a súa evolución ó longo dos séculos.

Dun xeito ou doutro, os problemas teóricos (i.e., descriptivos e clasificativos) resultantes da observación dun corpus de palabras compostas (3) seguen sendo, ó noso parecer, os mesmos:

-a enorme dificultade de sistematizar en calquera lingua románica a estrutura da unidade *palabra*. A interacción de criterios diversos (fonéticos, morfolóxicos, semánticos, sintácticos) maniféstase neste mester dun xeito especialmente molesto (4).

-fronte á derivación (prefixación e sufixación), e por moito que se queira, a composición románica -tanto diacrónica como sincronicamente-, é un proceso de notabilísima asistematicidade, razón pola que os métodos estruturais de análise (i.e., a posibilidade de descubrir *a posteriori* estruturas recorrentes nos resultados dun proceso lingüístico, partindo de unidades seleccionadas *a priori*) están expostos a atoparse cunha casuística inzada de irregularidades e excepcións. É evidente, emporiso, que a propia economía dos sistemas lingüísticos tende a facer sistemático un proceso -en principio anómalo e aillado-, cando se fai rentable e

(1) X.L. Blanco, "Palabras compostas en galego-portugués", *Verba* 12 (1985), pp. 199-252.

(2) Julia Marqués Valea, *Palabras compostas no galego actual*, Universidade de Santiago, 1989 (iné dita).

(3) Corpus moi limitado no noso artigo de 1985 -lóxica consecuencia de tomar como punto de partida fontes escritas primitivas-, e na memoria de Marqués moitísimo máis amplo.

(4) Cfr. a este respecto a multiplicidade de marcos teóricos e terminolóxicos posibles: *palabra simple / palabra derivada / palabra composta, lexía, monema (léxico / gramatical), lexema, base léxica, semantema*, etc). Non é, de feito, nada inusual achar ó comenzo de traballos sobre palabras compostas un apartado de reflexións previas sobre a natureza da propia unidade palabra (p.e., M. A. Seijo Castroviejo, "Algunas observaciones sobre las palabras compuestas", *Anuario de Estudios Filológicos*, 5 (1982), pp. 201-210).

productivo (5): a estrutura V(erbo) + N(ome) (ou se se quere *verbo - complemento* (6), *predicado + implemento* (7)) ten xa carta de natureza no galego (anque, curiosamente, é descoñecido no noso expolio de formas medievais (8)) como rentabilísimo modelo a partir do que poden xurdir novos exemplos de palabras compostas, moitos dos cales poden ser invencións individuais e *ad hoc* dun usuario calquera (9). É simplemente máis económico -nunha lingua de carácter predominantemente derivativo e/ou sintagmático para a expresión de novos conceptos ou ideas conxunturais-, e tamén máis enfático e expresivo, botar man dun composto -como estrutura morfo-semántica *patente*-, e dicir, p. e., *pinchadiscos* (sobre o modelo de *paraugas, gardabosques*) que do sintagma que o motiva -como estrutura sintáctica (10) *latente*:- (a persoa que) *pincha* (metáfora irónica de aplicar o *pick-up* sobre a superficie dos) *discos*.

Podemos, pois, propoñer para as palabras compostas un conxunto de patróns ou estruturas-base, máis ou menos recurrentes, con criterio morfolóxico-categorial, tal e como se fai acostumadamente nos estudos sobre o tema (V + N / N + V, N + (i) + A(dxectivo) / A + N, N + N, V + V, etc.) (11), no intento de achegar o método de análise que é operativo na derivación (proceso no que -eis a diferenza fundamental-, un sector da unidade pertence a unha clase morfolóxica *pechada*) á composición de palabras. É verdade, como opina Dardano, que "la capacità di passare dalla parola alla frase sottostante e di compiere il percorso in senso inverso è un fattore que fa della formazione delle parole un procedimento vivo e produttivo" (12). comprendendo aquí baixo a etiqueta FP derivación e composición. De feito, é facilmente comprobable a existencia dun sintagma latente en calquera unidade formada (i.e., derivada ou composta (13)); pero os resultados dunha e outra posibilidades son consecuencia de a) conexións semánticas no sintagma latente, e b) procesos morfolóxicos na unidade patente, radicalmente diferentes nun e noutro caso: un morfema dependente, poñamos por caso /eir/, pode representar no sintagma latente relacións moi diversas entre N e V: *libreiro* (que vende) / *panadeiro* (que fabrica) / *carteiro* (que transporta), etc., pero en

(5) Parécenos moi reveladora a insistencia de K. Klingebiel na *analogía* como factor de produción de novos exemplos, unha vez creado un determinado patrón de palabras compostas: "La plupart des composés N + V s'expliquent par l'existence de leurs prédécesseurs [...] dans la période moderne [...] cette composition doit sa survie à l'analogie dont les opérations continuent à jouer en faveur des N + V". K. Klingebiel, "Réflexions sur la composition gallo- et hispano-romane du type *maintenir, maintenir*", *Medioevo Romanzo*, XI, 3 (1986), pp. 321-335.

(6) Cfr. P. M. Lloyd, "A possible structural factor in the development of Verb-Complement compounds in the romance languages", *Studia Neophilologica*, 38 (1966), pp. 257-262.

(7) Cfr. Marqués, pp. 17-46.

(8) Para as formas *pediolo* e *tragazeite* -que suxiren patróns V + N-, cfr. Blanco, pp. 237-40.

(9) A este respecto, cfr. Marqués, p. 1: "a creación espontánea destas palabras está en función das necesidades do momento."

(10) Estructura sintáctica xeralmente relativa para a gramática transformacional. Cfr. G. Gross, "Degré de figement des noms composés", *Langages*, 90 (1988), p. 60.

(11) Unha exhaustiva tipoloxía da estrutura dos nomes compostos do francés moderno "calculée en termes de catégories grammaticales" en Gross, p. 61.

(12) M. Dardano, *La formazione delle parole nell'italiano di oggi*, Roma, 1978, p. 9.

(13) Para as unidades compostas, cfr. Seijo Castroviejo, p. 207: "El hablante de una lengua tiene acceso al contenido semántico de un compuesto, gracias a que puede transformarlo automáticamente en una información que se le presenta bajo la forma de una estructura sintáctica completa".

esencia o valor semántico *axentivo* mantense en tódolos casos (ó igual que, p.e., /or/ en *actor*, *pintor*, *lector*: que actúa, que pinta, que le, etc.). Deixando de lado razóns de evolución fonética e morfolóxica, o xeito en que se produce a fusión dos morfemas dependentes coas bases léxicas nos procesos derivativos está presidido tamén por unha grande regularidade. Fronte á regularidade fundamental da derivación, pois, a composición preséntase como un dominio renovador do léxico unicamente baseado na creatividade ("fóra das regras" diría un xenerativo) e a libre capacidade dos usuarios da lingua de unir dous (ou máis) bases léxicas (14).

Outro problema descriptivo de grande envergadura é o que constitúe o grado de *fixación* dos elementos dun composto. O tratamento que demos a esta cuestión en 1985 (15) resulta práctico para unha visión xeral e un pouco apresurada do fenómeno, pero non dá conta nin con moito da complexidade dos feitos en tódalas linguas románicas. Non imos aprofundar aquí neste panorama teórico, tan complexo que ven sendo nos últimos anos obxecto de análises moi minuciosas en diversas linguas románicas (16), pero queremos relevar o papel cada vez máis importante da fusión -sexa eventual e individual, sexa estrutural e colectiva-, de elementos independentes como proceso de creación léxica en todo o dominio de aquelas (17).

En fin, os problemas no plantexamento teórico da palabra composta románica seguen estando en estreita relación co carácter asistemático e inestructural deste proceso, e un novo exemplo da viveza creativa dos falantes pode en calquera momento botar por terra os intentos máis meditados de sistematización.

O traballo de Marqués ven corroborar, por un lado, unha vez máis, as dificultades ata aquí sinaladas no tratamento descriptivo da composición e, por outro, e fronte ó estado do fenómeno na lingua medieval, o corpus de formas que contén (866, cáseque todas palabras compostas, probadas no "test" morfolóxico) coincide coa nosa tese: nas sociedades actuais, como resultado da necesidade constante de novos termos, da urxencia na expresión de relacións dificilmente -ou *mais* dificilmente, ou, en moitos casos, incomodamente-, condensables morfolóxica e semanticamente mediante procesos derivativos, a composición de palabras -neste sentido, a unión de realidades ás veces dispares para a expresión dunha realidade

(14) Neste sentido, e para evitar molestos problemas de interpretación sobre o que se entende por "base léxica", palabra (i.e., úson ou non bases léxicas -fronte ós prefixos-, *sen*, *contra*, *entre*, que existen como unidades independentes, non ligadas, en *senrazón*, *contrasentido*, *entreliañar?* etc.) pensamos que sería máis cómodo o termo *monema*, tomado en xeral como unidade da segunda articulación.

(15) Partindo da tipoloxía de H. de Carvalho: *sintagma libre*, *sintagma fixo* e *palabra composta*, cfr. Blanco, pp. 211-13.

(16) Cfr. os abundantes exemplos de elementos a medio camiño entre o sintagma e a unidade léxica en Klingebiel, *op. cit.*, Gross, *op. cit.*, A.Giurescu, "Les noms composés dans le portugais contemporain", *Revue Roumaine de Linguistique*, 18 (1973), pp. 415-424, F. Dimitrescu, "Sur quelques termes récemment composés en roumain", *Beiträge zur romanischen Philologie*, 8 (1969), pp. 166-169, R.L. Wagner, "Réflexions a propos des mots construits en français", *Bull. de la Soc. de Ling. de Paris*, 63 (1968), pp. 65-82, etc.

(17) Cfr. Dardano, p. 143; P.H. Matthews, *Morfología, introducción a la teoría de la estructura de la palabra*, Madrid, 1980, p. 51.

semántica única (18)-, está incrementando dun xeito notabilísimo a súa frecuencia e rentabilidade en todo o dominio románico (19).

A fin de contas, e nunca máis que agora, as linguas non son máis que instrumentos, que mudan na mesma medida en que o fan as necesidades de expresión -ben cuantitativa, ben cualitativamente medidas-, dos seus usuarios.

(18) Pénsese na disparidade de, p.e., *café* e *concerto* como unidades ailladas, e, sen embargo, na unicidade semántica de *café concerto*.

(19) Naturalmente, e por moito terreo que teña gañado a composición, a *estructura* das linguas románicas é *flexiva*. Cfr. Dardano, p. 114 e a nosa referencia en Blanco, p. 201, nota 4.